



CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
237/2024	A Xunta de Goberno Local	09/08/2024

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión que tivo lugar na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 237/2024. CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS PISTAS DEPORTIVAS DE VILAZA

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

RESOLUCIÓN

Logo de ver o seguinte expediente de contratación:

OBRA: Mellora da eficiencia enerxética nas pistas deportivas de Vilaza

IMPORTE DO ORZAMENTO: cincuenta e tres mil cincocentos vinte e oito euros con trinta e cinco céntimos (53.528,35 €), IVE incluído.

FINANCIAMENTO DO ORZAMENTO:

As obras están financiadas pola Vicepresidencia Primeira e Consellería Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia , ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, e de acordo con o proxecto "Mellora da eficiencia enerxética nas pistas deportivas de Vilaza"

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN: aberto simplificado, ao abeiro do artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE: o expediente terá a consideración de ordinario, para os efectos previstos no artigo 116 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:





Concello de Monterrei

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación referenciado, o proxecto técnico, así como o gasto derivado da realización da obra que se vai contratar e o prego de cláusulas administrativas que regulará a contratación.

SEGUNDO. Abrir o procedemento de licitación e, en consecuencia, publicalo na plataforma de contratación do sector público do Ministerio de Hacienda y Función Pública, para que todas aquelas empresas que se consideren capacitadas poidan presentar as súas ofertas.

E, para que conste e cause os efectos oportunos, asino esta certificación de orde e co visto e prace do alcalde, en Monterrei, na data que se indica na marxe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 5LYK32HGRMX5K7ZZYR5P19KAJ
Corrección: <https://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

